



O Consello da Xunta aproba unha inxección de 66 millóns de euros para fomentar o emprego a través do impulso ao cooperativismo, a orientación e a formación

- Feijóo subliña que se trata de tres programas que son “froito do diálogo social” que tiran das pancas necesarias “nestes momentos de dificultade extrema no que ao emprego se refire”

Feijóo garante a blindaxe dos servizos públicos en Galicia e di que “este Goberno é o Goberno que máis dedicou en termos porcentuais de orzamento corrente aos servizos públicos” nos 30 anos de autonomía

- Asegura que, ao final da lexislatura, “habrá máis hospitais; máis garderías; máis centros de día; máis residencias da terceira idade; máis familias cobrando a dependencia; máis prazas para os discapacitados; máis de 10.000 alumnos en formación profesional dos que había; máis de 40.000 ordenadores financiados con fondos públicos; e máis de 40.000 rapaces estudando inglés”

Preto de 28.000 desempregados obtiveron nos últimos dous anos unha formación certificada

- A Consellería de Traballo e Benestar desenvolveu desde o inicio da lexislatura preto de 4.000 cursos de formación dirixidos a persoas desempregadas, nos cales 27.705 alumnos acadaron unha formación certificada

A nova Lei de inclusión social porá en marcha medidas para acadar unha maior inserción laboral

- A modificación da Lei de inclusión social de Galicia, que estará aprobada en 2012, avoga pola coordinación entre os servizos sociais e laborais para acadar “unha verdadeira inserción laboral” das persoas máis desfavorecidas

Aprobada a nova Lei de cooperativas que reducirá a tres o número mínimo de socios para estimular a creación destas sociedades

- O Parlamento aprobou a reforma da normativa coa que se dota ás cooperativas das ferramentas e métodos organizativos necesarios para mellorar a súa xestión diaria e reforzalas na súa vertente máis social

Salario Mínimo Interprofesional 641,40 euros mensuais

Cadro pensións mínimas 2012

Informe do paro rexistrado

Galicia rexistrou no mes de decembro un total de 258.234 persoas desempregadas

Sumario

Política social	2-3	Normativa DOG	11-12
Formación-emprego	4-7	Normativa CCAA	12-16
Informe do paro rexistrado	7	Normativa BOE	17-19
Cooperativas	8	Normativa UE	19-20
Xuventude e voluntariado	9	Publicacións	20

Créditos

Edita:	Consellería de Traballo e Benestar
Elaboración:	Sección de Publicacións e Estatísticas
Coordinación:	Pepa Dabán Royo
Maquetación:	Antonio Lameiro Ces

Feijóo garante a blindaxe dos servizos públicos en Galicia e di que “este Goberno é o Goberno que máis dedicou en termos porcentuais de orzamento corrente aos servizos públicos” nos 30 anos de autonomía

Santiago, 22 de decembro de 2011.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, garantiu, no Parlamento, a blindaxe dos servizos públicos en Galicia e destacou que “este Goberno é o goberno que máis dedicou en termos porcentuais de orzamento corrente aos servizos públicos”, nos 30 anos de autonomía que estamos celebrando.

“Non deixaremos a ninguén tirado”, afirmou Feijóo, en resposta a unha pregunta do PSdeG. “Imos blindar os servizos públicos. Na educación, máis educación; en sanidade, máis sanidade; en servizos sociais, máis servizos sociais; en dependencia, máis dependencia. Ese é o meu compromiso”, aseverou.

O responsable do Goberno galego afirmou que non só se blindan os servizos públicos, senón que, hoxe, hai máis servizos públicos que hai tres anos. E asegurou, ademais, que

cando finalice esta lexislatura, “en Galicia, haberá máis hospitais que cando comezamos; máis garderías; máis centros de día; máis residencias da terceira idade; máis familias cobrando a dependencia; máis prazas para os discapacitados; máis de 10.000 alumnos en formación profesional dos que había; máis de 40.000 ordenadores financiados con fondos públicos; e máis de 40.000 rapaces estudando inglés no sistema educativo público”.

Feijóo resaltou que se a Administración do Goberno central cumprira os criterios de déficit público, “como cumprimos -coas críticas do Partido socialista-, en Galicia”, agora, esa redución do déficit público e do orzamento do sector público sería menor. E lembrou que, pola contra, o Goberno galego leva cumprindo o déficit público no ano 2009 e no ano 2010. “O Goberno de España

—engadiu— incumpriu o déficit público no ano 2009, no ano 2010 e todos nos tememos que tamén no ano 2011”.

O presidente da Xunta saudou os “bos desexos” para o ano próximo do voceiro do PSdeG, aínda que, afirmou que lle gustaría coñecer a súa proposta no tocante a como avanzar nos servizos públicos. “Levo esperando tres anos. Levo esperando tres anos, onde se me di que estamos privatizando a sanidade a sabendas de que é falso; que deterioramos a educación por non pagarlle os libros ás deputadas e deputados desta Cámara; que deterioramos a sanidade simplemente por solventar unha lei estatal que deixa sen tarxeta sanitaria aos parados e que Galicia adiantouse tres meses ao problema da lexislación estatal. Acepto coa máxima responsabilidade a proposta que me fai, pero si me gustaría coñecela”.



Mato aposta por construír unha “rede de apoio e accións” para as persoas con discapacidade para garantir unha sociedade inclusiva

► **A conselleira destacou dous eixos fundamentais de actuación: o Plan Integral de Acción para as Persoas con Discapacidade 2010-2013; e a nova Carteira de servizos de atención á dependencia que recolle recursos específicos para cada tipo de discapacidade**

Madrid, 12 de decembro de 2011.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, apostou por construír unha “rede de apoio e accións” dirixida ás persoas con discapacidade co fin de configurar unha sociedade “na que a diversidade de teña plena cabida”. Neste sentido, defendeu a necesidade de poñer o acento “nas capacidades fronte ás dificultades”, así como por promover

unha “estratexia de accesibilidade universal”.

Así o destacou a titular do departamento autonómico no transcurso do Real Padroado da Discapacidade, que se celebrou en Madrid, e que estivo presidido pola súa Maxestade a Raíña Dona Sofía.

Durante a súa intervención, Mato salientou que a atención ás persoas con discapacidade é unha “prioridade irrenunciable” para o Goberno galego. Ao respecto, concretou que a acción da Administración autonómica céntrase en dous eixos fundamentais de actuación: o Plan Integral de Acción para as Persoas con Discapacidade 2010-2013; e a nova Carteira de servizos de atención á dependencia.

Con respecto ao Plan integral de acción, lembrou que é a “primeira vez” que Galicia conta cunha “estratexia transversal e específica” para a atención das persoas con discapacidade. Esta ferramenta, ademais, foi deseñada en diálogo cos profesionais e colectivos que traballan neste ámbito. O obxectivo deste instrumento é acadar unha sociedade “plenamente integradora e inclusiva”.

Por outra banda, Mato puxo en valor a nova carteira de servizos de atención á dependencia, que entrará en vigor na primeira metade do ano 2012, e que dá resposta á aposta pola calidade dos servizos que se prestan para as persoas con discapacidade que teñen algún grao de dependencia.

Esta carteira “está orientada á excelencia na calidade, e ao axuste máximo entre o servizo e as necesidades específicas do usuario”. Deste xeito, recoñecerá por primeira vez servizos específicos para cada tipo de discapacidade. Isto é, haberá recursos distintos e especializados para as diferentes discapacidades: física, intelectual, trastornos do espectro autista, enfermidade mental, alzhéimer e outras demencias; ao tempo que se recollerá tamén a especificidade da atención para as persoas xordas.



A nova Lei de inclusión social porá en marcha medidas para acadar unha maior inserción laboral

Santiago, 9 de decembro de 2011.- A nova Lei de inclusión social de Galicia, que o Goberno galego está modificando e que estará aprobada en 2012, terá “unha clara orientación á inserción laboral como primeiro piar para saír da situación de risco de exclusión”.

Así o transmitiu a secretaria xeral de Política Social, Coro Piñeiro, ás principais entidades de iniciativa social de Galicia nunha xuntanza que mantivo en Santiago para coñecer de primeira man as necesidades destes colectivos. O encontro, no que participaron preto de 30 asociacións, deu continuidade ao compromiso adquirido polo Goberno galego de reunirse con estas asociacións de forma periódica para manter unha canle estable e aberta de comunicación e diálogo e coñecer as súas demandas máis prioritarias neste contexto de crise económica.

Piñeiro avanzou que a normativa avogará por novas fórmulas de máxima coordinación entre os servizos sociais e os servizos laborais. “Imos máis alá das rendas que garanten as condicións mínimas de supervivencia para poñer en marcha unha nova RISGA que incentive economicamente o esforzo para acceder a un

emprego”. Polo tanto, resaltou que a pretensión do Goberno galego é que “exista un compromiso tanto do beneficiario como da Administración para levar a cabo un itinerario de inserción totalmente personalizado”.

Ademais, permitirá compatibilizar o cobro da futura Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) co desenvolvemento de traballos esporádicos para incentivar o obxectivo último que se perseguirá con esta prestación: unha inserción laboral “real e verdadeira” das persoas máis desfavorecidas.

Piñeiro indicou que son fundamentalmente tres as ferramentas que ten a súa disposición a Xunta para axudar a estas entidades: a colaboración estreita, os orzamentos e a propia normativa.

Con respecto aos orzamentos, Piñeiro explicou que a Consellería de Traballo e Benestar volverá a incrementar en 2012 as axudas destinadas a estes colectivos, principalmente formados por comedores sociais, albergues e casas de acollida. En concreto, a Xunta investirá preto de dous millóns de euros nesta convocatoria anual de subvencións, polo que o incremento será de 450.000 euros con respecto a 2011.



A secretaria xeral de Política Social, Coro Piñeiro, na súa reunión con colectivos sociais

Incremento da RISGA

Así mesmo, Piñeiro apuntou que de cara ao ano que vén volverase a incrementar a RISGA, que chegará aos 25,6 millóns de euros. Polo tanto, a partida inicial aumentará en tres millóns de euros con respecto a 2011, é dicir, un 13 por cento. Recordou, ademais, que esta prestación económica é ampliable, polo que engadiu que “ningunha persoa que necesite esta axuda vai quedar sen recibila, sempre que cumpra os requisitos”.

Ademais, a responsable da área autonómica recalcou que as axudas

de emerxencia social aumentará en 2012 nun 3,5 por cento co que se alcanzarán os 3 millóns de euros para este fin. Por último, e con respecto aos orzamentos, lembrou que o Goberno galego tamén aumentou nos dous últimos anos- 2010 e 2011- o complemento autonómico das Pensións non Contributivas, un 3 por cento cada ano. Trátase tamén dunha partida ampliable.

Por último, Piñeiro destacou que a terceira ferramenta que ten a Xunta para axudar a estes colectivos é a comunicación permanente cos colectivos para coñecer as súas necesidades máis prioritarias.

O sistema de xestión dos centros de día do Consorcio recibe a certificación de calidade de Aenor

Santiago, 25 de decembro de 2011.- O sistema de xestión dos centros de día do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar vén de recibir un certificado de calidade de AENOR.

O devandito certificado supón a conformidade da xestión realizada neses centros coa norma ISO 9001:2008, un método de traballo dirixido a mellorar a calidade e a satisfacción dos usuarios finais.

En concreto, o certificado de calidade fai referencia á prestación de servizos nos centros de atención

a persoas maiores, tanto sanitarios e asistenciais (enfermería, fisioterapia, terapia ocupacional, traballo social, psicología e coidados persoais) como servizos de animación sociocultural e servizos xerais de transporte e manutención para as persoas maiores usuarias destes centros de estancia diurna.

O resumo da auditoría salienta “unha clara tendencia por parte da organización cara á mellora continua” e recolle entre os “puntos fortes” a implicación da dirección e do persoal da organización na

implantación e mantemento dun sistema de garantía da calidade, o enfoque cara aos usuarios e a elevada satisfacción destes e das súas familias.

Os centros de día do Consorcio ofertan actualmente máis de 1.700 prazas para persoas maiores dependentes ou en risco de padecer dependencia. Nos dous últimos anos esa oferta viuse incrementada en preto dun 75 por cento.

O pasado ano o Consorcio xa recibira outra certificación de calidade de AENOR. Naquel

momento a auditoría analizou a xestión que se desenvolve dende os servizos centrais do Consorcio, concretamente dende o Departamento de Xerontoloxía, tanto en relación coa Rede de Centros de Atención a Persoas Maiores como co programa Xantar na Casa.

Para avaliar a calidade do sistema de xestión foron tidos en conta aspectos como a xestión documental, os recursos humanos, a formación, a comunicación interna ou as accións correctivas e preventivas.

Formación e emprego

O Consello da Xunta aproba unha inxección de 66 millóns de euros para fomentar o emprego a través do impulso ao cooperativismo, a orientación e a formación

Santiago, 29 de decembro de 2011.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, subliñou a importancia da decisión adoptada polo Goberno galego de desbloquear “unha inxección económica de 66 millóns de euros en tres liñas de fomento do emprego” para “reactivar o mercado laboral”. Trátase, concretou, de accións orientadas a “fomentar o cooperativismo na Comunidade Autónoma, de impulso de accións de orientación en busca de emprego dirixidas a persoas demandantes de emprego, e formación para 23.000 desempregados”.

O titular da Xunta, quen remarcou que se trata de tres programas que son “froito do diálogo social”, apuntou que o cooperativismo e a formación son as “pancas que temos que utilizar nestes momentos de dificultade extrema no que ao emprego se refire”.

No tocante á primeira das liñas de actuación aprobadas hoxe, Feijóo indicou que contén dous programas a prol do cooperativismo para “facilitar calquera iniciativa que se basee no cooperativismo para a creación de postos de traballo”. Trátase, dunha banda, dunha orde de fomento do emprego en empresas de economía social e empresas que promoven o cooperativismo en Galicia da que se poderán beneficiar 280 cooperativas que poderán aumentar os postos de traballo, e, doutra banda, dunha orde destinada a apoiar o labor de 20 agrupacións de concellos que están xestionando programas en réxime de cooperativas. “Fomentar a existencia de novas cooperativas. Ese é o obxectivo”, salientou o presidente galego.

Consonte explicou o titular da Xunta, a segunda das decisións adoptadas polo Consello está destinada á “orientación na busca de emprego”, e está dotada con 7,5 millóns de euros destinados a “subvencionar a concellos, universidades e organizacións sen ánimo de lucro para accións de orientación e busca de emprego dirixidas a persoas que son demandantes de primeiro emprego”. Concretamente, Feijóo resaltou que o obxectivo deste programa é habilitar 240 técnicos de orientación que



- ▶ **Salienta que o Goberno galego busca facilitar “calquera iniciativa que se basee no cooperativismo para a creación de postos de traballo” cunha liña de actuación que beneficiará a 280 cooperativas e 20 agrupacións locais**
- ▶ **Pon de relevo o investimento de 7,5 millóns de euros en habilitar 240 técnicos que desenvolvan programas de orientación e información personalizada para demandantes de primeiro emprego**
- ▶ **Salienta que pese á crise aumentan nun 3% as partidas destinadas á formación de desempregados, renovando as prioridades e apostando pola formación “acreditada e acreditable a nivel nacional”**

traballarian nos concellos, nas universidades e nas organizacións sen ánimo de lucro “co obxectivo de realizar diagnoses individualizadas dos parados que soliciten orientación e apoio para a súa contratación, e proporcionar información sobre o mercado de traballo, así como itinerarios individuais e personalizados para atopar ese traballo”. Afirmou que no ano 2011 estas iniciativas ofreceron orientación e información a aproximadamente 100.000 persoas.

Finalmente destacou o interese do Goberno galego por fomentar o emprego mediante o

impulso da formación, e indicou que, pese á crise económica, a Xunta de Galicia incrementa nun 3% o orzamento deste programa, froito dun acordo acadado no marco do Diálogo Social. “Pasamos de 53 a 55 millóns de euros, e non só dedicamos máis recursos, senón que reorientamos as prioridades”, afirmou o presidente do Goberno galego, quen puxo de relevo a aposta pola formación “acreditada e acreditable, é dicir, que permita aos alumnos dispoñer dun certificado de formación de validez nacional”.

A Xunta convoca 2.000 novas acreditacións profesionais en atención sociosanitaria e amplía a oferta a redeiras, tubeiros e camareiros

- ▶ **Un total de 2.450 galegos e galegas que teñan experiencia laboral ou aprendizaxes non formais nestas profesións poderán obter unha acreditación oficial das súas competencias profesionais**
- ▶ **As 2.450 acreditacións que se certificarán- 2.000 en atención sociosanitaria e 450 que por primeira vez se ofrecen para labores de redeiras, tubeiros e camareiros- súmanse ás 800 que xa se deron este ano en atención sociosanitaria**

Santiago, 5 de decembro de 2011.- Un total de 2.450 galegos e galegas poderán acreditar a súa experiencia laboral nas profesións vinculadas á atención sociosanitaria para persoas dependentes, e tamén nas profesións de redeiras, tubeiros e camareiros, xa que a Consellería de Traballo e Benestar vén de publicar no Diario Oficial de Galicia (DOG) unha nova convocatoria de acreditacións profesionais que inclúe diversas novidades para mellorar e ampliar este procedemento. Estas 2.450 acreditacións súmanse ás 800 que xa se ofertaron en atención sociosanitaria este ano.

A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz, presentou o novo procedemento de recoñecemento das competencias profesionais que permite un recoñecemento oficial da experiencia laboral ou aprendizaxes non formais. A responsable da área autonómica explicou que principalmente son tres as novidades que inclúe esta convocatoria.

En primeiro lugar, destacou que se recollen novas profesións, as de redeiras, tubeiros e camareiros, que se suman á atención sociosanitaria que se leva convocando desde 2011. De feito, a Xunta xa ten acreditadas a 4.600 persoas neste campo, a través deste procedemento, así como

de cursos de formación certificable.

Nos traballos de redeiras, tubeiros e camareiros convócanse por primeira vez 450 acreditacións: 200 en confección e mantemento de artes e aparellos dirixidas ás redeiras; 150 para a fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial; e 100 para operacións básicas de restaurante e bar.

Díaz sinalou que a segunda novidade deste novo procedemento radica na ampliación do número de prazas nas profesións de axuda a domicilio e de coidadoras ou xerocultoras e categorías similares na área de coidados a persoas dependentes. Explicou, ao respecto, que tras o éxito acadado na última convocatoria destas acreditacións profesionais – rexistráronse preto de 6.000 solicitudes- a Consellería de Traballo e Benestar decidiu convocar un novo procedemento que permitirá a obtención de 2.000 novas acreditacións.

“Darase prioridade a aquelas persoas que participaron na primeira convocatoria deste ano e non lograron acreditar todas as súas habilidades profesionais, de xeito que desta vez consigán acreditar o que lles quedou pendente e podan así conseguir o certificado de profesionalidade”, indicou. É preciso destacar que todas aquelas persoas inscritas na

anterior convocatoria e que presenten solicitude de inscrición nesta non terán que achegar a documentación presentada anteriormente, podendo actualizar a experiencia laboral e as aprendizaxes non formais.

Para as auxiliares de axuda no fogar e categorías similares ofértanse 1.000 acreditacións e para as coidadoras e xerocultoras convócanse outras 1.000 prazas de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais.

“Esta ampliación débese á necesidade de contar cunha profesionalización das persoas que se dedican ao coidado de persoas dependentes ben a través dun certificado de profesionalidade ou dun título de formación profesional, e deste xeito, ademais, contribuímos a visibilizar o traballo das persoas coidadoras a través desa profesionalización”, lembrou Díaz.

Ao respecto, salientou que en Galicia, un dos colectivos prioritarios en acreditar as súas competencias é o sociosanitario en persoas maiores ou dependentes como consecuencia da entrada en vigor da Lei de dependencia no ano 2006, xa que esta normativa establece que entre 2012 e 2015 todas as persoas que traballen como persoal auxiliar, a domicilio ou en residencias e institucións sociais deben posuír unha determinada formación ou unha acreditación oficial da súa competencia profesional.

Prazo de inscrición

Establecéronse dous prazos de inscrición: para a convocatoria de atención sociosanitaria e redeiras a

presentación de solicitudes rematará o 31 de decembro, mentres que para as profesións de tubeiro e axudante de camareiro e bar será do 1 ao 31 de marzo de 2012.

Por último, a terceira novidade deste procedemento refírese ao aumento do número de profesionais expertos habilitados para asesorar e avaliar as persoas candidatas. Tamén incrementaranse os puntos de información que se sitúan nas diferentes oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia, nas xefaturas territoriais da Consellería, nos centros propios de formación profesional do departamento autonómico, na Fundación Galega da Formación para o Traballo e no Instituto Galego das Cualificacións. Tamén se aumentarán os centros que serán sede do procedemento.

Para concluir, a directora xeral apuntou que “as acreditacións teñen carácter estatal e efectos profesionais e académicos, é dicir, convalidacións nos módulos da FP inicial que oferta a Consellería de Educación ou da formación para o emprego que oferta o departamento de Traballo e Benestar”. Lembrou que o proceso realízase en tres fases. Na primeira, de asesoramento, axúdase a cada persoa a xustificar ou documentar a súa competencia; na segunda fase, a de avaliación, unha comisión elabora a partir do dossier un plan individualizado para cada candidato co obxectivo de que poida demostrar o seu desempeño profesional; e, por último, as persoas que superen a fase de avaliación poderán, entón, acreditar a súa competencia profesional.

<http://traballo.xunta.es/procedemento-de-reconecemento>



Ver consello do goberno do día 29.12.2011

Formación e emprego

Preto de 28.000 desempregados obtiveron nos últimos dous anos unha formación certificada

- Ademais, máis de 800 persoas ocupadas alcanzaron este ano unha acreditación, a través do recoñecemento da experiencia laboral, de atención sociosanitaria para persoas maiores ou dependentes
- Esta formación acreditable permite aos alumnos dispoñer dun certificado con carácter oficial e validez estatal

Santiago, 28 de decembro de 2011.-

A Consellería de Traballo e Benestar realizou un total de 4.000 cursos de formación para persoas desempregadas, nos cales 27.705 alumnos acadaron unha formación certificada. Só neste ano 2011 preto de 10.000 alumnos obtiveron unha formación acreditable, do total de 23.000 persoas que recibiron formación.

A formación acreditable permite aos alumnos dispoñer dun certificado con carácter oficial e validez estatal, que, ao mesmo tempo, ten efectos académicos no eido do sistema educativo e profesionais recoñecidos na lexislación vixente. Así o explicou esta mañá a directora xeral de Formación e Colocación, Ana Díaz López, en resposta a unha pregunta parlamentaria.

Ademais, a departamento que dirixe Beatriz Mato ten acreditado este ano a 840 persoas, a través do recoñecemento da experiencia laboral, en materia de atención sociosanitaria. Nesta mesma liña xa se teñen convocado outras 2.450 prazas que serán acreditadas o vindeiro ano 2012, posto que a Lei da dependencia (Lei 39/2006 de 14 de decembro) establece prazos concretos, entre 2012 e 2015, para que todas as persoas que traballen como persoal auxiliar, a domicilio ou en residencias ou institucións sociais, deben posuír unha determinada formación ou unha acreditación oficial da súa competencia profesional.

Traballo investiu un total de 92 millóns de euros en dous anos e medio para apoiar autónomos e emprendedores

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou na entrega do premio "Ideas", que outorga a Fundación "Una Galicia Moderna" do Colexio de Economistas da Coruña
- Salientou que nos orzamentos de 2012, a pesar do contexto "restritivo", o departamento autonómico destinará 28 millóns de euros para autónomos e emprendedores, 1 millón máis que o ano anterior

A Coruña, 12 de decembro de 2011.-

A Consellería de Traballo e Benestar leva investido no que vai de lexislatura –isto é, en dous anos e medio- un total de 92 millóns de euros para apoiar autónomos e emprendedores. Para o próximo ano 2012, os orzamentos reforzan esta aposta a pesar do contexto "restritivo", ao aumentar ata os 28 millóns de euros o financiamento para este colectivo, o que supón 1 millón máis que o destinado o ano anterior.

Así o salientou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, durante o acto de entrega do premio "Ideas", que outorga a Fundación "Una Galicia Moderna" do Colexio de Economistas da Coruña.

Na súa intervención, a titular do departamento autonómico comezou felicitando aos autores do proxecto gafiador "On Touch, publicidade dixital interactiva", así como a todos os participantes nesta convocatoria.

Mato destacou que este certame ten un "valor engadido, que é o de ter contribuído a manter acesa a chama das iniciativas emprendedoras nun momento adverso". Neste sentido, insistiu

en que "son as ideas, os proxectos empresariais e os emprendedores que apostan por elas os que xeran actividade económica e emprego".

Precisamente por iso, o Goberno galego mantén unha "aposta firme e continuada" por reforzar as empresas e emprendedores. En concreto, esta aposta reflíctese tamén nos orzamentos da Consellería de Traballo e Benestar.

Ademais, a conselleira lembrou que todas as iniciativas emprendedoras forman parte do "importante traballo" que se está desenvolvendo no marco do diálogo social en Galicia, xunto con empresarios e sindicatos, sendo este aspecto un dos seus obxectivos prioritarios. De feito, entre os 15 acordos e preacordos acadados, recóllese o de "fomento da creación e consolidación do emprendemento".

Por último, Mato concluíu que iniciativas como o premio "Ideas" amosan que en Galicia hai "vimbios de calidade para desenvolver unha auténtica cultura emprendedora, que será un apoio esencial para saír reforzados de cara ao futuro".

O Goberno mantén o Salario Mínimo Interprofesional en 641,40 euros mensuais

30 decembro 11. - O Consello de Ministros aprobou por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez a contía do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) para o ano 2012 que se fixou en 641,40 euros mensuais.

As contías para o ano 2012 supoñen o mantemento das vixentes durante 2011, unha vez tomados en consideración de forma conxunta todos os factores considerados no artigo 27.1 do Estatuto dos traballadores.

A proposta foi consultada ás organizacións sindicais e empresariais máis representativas.

Con carácter xeral o SMI queda fixado en 21,38 euros ao día, ou 641,40 euros ao mes e en cómputo anual en ningún caso inferior a 8.979,60 euros. Para os traballadores eventuais e temporais cuxos servizos a unha mesma empresa non excedan de cento vinte días, o salario non poderá ser inferior a 30,39 euros por xornada. Por último, para os empregados de fogar a contía establecida é de 5,02 euros por hora traballada.

Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM)

O Consello de Ministros tamén determinou o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), para 2012 que terá as seguintes contías:

"O IPREM diario: 17,75 euros
"O IPREM mensual: 532,51 euros
"O IPREM anual (con 12 pagas): 6.390,13 euros
"O IPREM anual (con 14 pagas): 7.455,14 euros

O IPREM, que naceu en 2004, utilízase como indicador ou referencia do nivel de renda para determinar a contía de determinadas prestacións ou para acceder a outros beneficios ou servizos públicos.

Informe do paro rexistrado

Galicia rexistrou no mes de decembro un total de 258.234 persoas desempregadas


Santiago, 3 de xaneiro de 2012.- Galicia pechou 2011 cun total de 258.234 persoas desempregadas, o que supón un aumento en termos relativos do 1,90 por cento con respecto ao mes de novembro. A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, lembrou que este é un mes onde tradicionalmente se incrementa o desemprego, como ocorreu na maior parte das comunidades autónomas.

Aínda así, e pese "ao dato negativo", a directora xeral de Formación e Colocación destacou que Galicia pechou 2011 co menor incremento de persoas sen emprego de toda a lexislatura nun mes de decembro, tanto en termos absolutos como relativos. Así, indicou que en decembro de

2009 o paro aumentou con respecto a novembro de 2009 en 6.011 persoas (+2,77%) e en 2010 o incremento foi de 5.592 persoas (+2,41 por cento) fronte á suba este mes de 4.818 persoas desempregadas (+1,90 %). "É o mellor dato dun mes de decembro desta lexislatura", sinalou Díaz López, ao tempo que resaltou que "o incremento neste mes de decembro tamén é inferior á media dos últimos nove anos". Neste sentido, precisou, que este decembro o paro rexistrado subiu en 4.818 persoas fronte á medida dos últimos 9 anos que foi de 5.420.



Díaz López destacou tamén que, aínda que o paro rexistrado aumentou este mes en Galicia, baixou nalgúns colectivos como nas persoas

sen emprego anterior, onde se rexistraron 492 parados menos. Tamén diminuíu no colectivo das mulleres con 317 persoas sen emprego menos e nos menores de 25 anos con 318 menos.



	Parados mes	Variación relativa interanual
Canarias	265.569	4,30
Melilla	10.357	4,48
Madrid	488.709	5,80
Valencia	535.036	6,73
País Vasco	145.394	6,94
Castela e León	208.475	7,13
Andalucía	969.152	7,21
Illes Balears	98.087	7,45
Galicia	258.234	8,82
Navarra	46.946	9,15
Cataluña	614.244	9,17
Aragón	101.982	10,05
Castela-A Mancha	225.842	10,09
Murcia	142.921	10,85
Asturias	90.537	11,50
Cantabria	49.273	11,59
Extremadura	135.398	12,93
A Rioxa	25.381	13,28
Ceuta	10.822	19,63
TOTAL	4.422.359	7,86

VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA
(Mes en curso – igual mes do ano anterior)



Cooperativismo

Aprobada a nova Lei de cooperativas que reducirá a tres o número mínimo de socios para estimular a creación destas sociedades

Santiago, 13 de decembro de 2011.- O Parlamento de Galicia deu o visto e prace á modificación da Lei de cooperativismo, que acometeu a Consellería de Traballo e Benestar para establecer –entre outras novidades- a redución xeralizada do número mínimo de socios a tres co fin de estimular a creación destas sociedades. Ata o de agora, de xeito xeral, estaba establecido nun número mínimo de catro socios.

A reforma desta normativa ten como obxectivo amplificar o apoio da Xunta ao cooperativismo desde o punto de vista legal, adaptar a normativa aos novos tempos e flexibilizar e facilitar determinados trámites, xa que a primeira Lei de cooperativas de Galicia data de 1998.

Esta lei dará resposta á necesidade de adaptar a normativa autonómica en materia de cooperativas á realidade legal, social e económica actual desde unha dobre perspectiva: dotar as cooperativas por lei das ferramentas e métodos organizativos necesarios para mellorar a súa xestión diaria, para que gañen en axilidade e competitividade; e reforzalas na súa vertente máis social, tanto na interacción cos seus socios como no fomento dos principios da igualdade, da conciliación e da responsabilidade social.

O Goberno galego considera que este é o momento de aprobar unha reforma en profundidade, tendo en conta as variacións socioeconómicas e a evolución propia do cooperativismo nestes anos co obxectivo de respaldar o crecente proceso de profesionalización, consolidación e compromiso desta fórmula empresarial, que constitúe un exemplo da combinación da dinamización económica coa cohesión do territorio e focalizada nas persoas.

Con esta reforma a Xunta continúa cumprindo o seu compromiso de apoio a un sector que sostén arredor de 20.000 empregos en Galicia, e que se está a revelar como unha fórmula especialmente estable e válida fronte a esta crise económica. De feito, o Plan Estratéxico que desenvolve para impulsar o cooperativismo está obtendo unha boa resposta, o que se traduce no ano 2010 na creación de máis de 40 cooperativas, e no incremento dos novos socios ata máis de 1.500, o dobre que no ano 2009.

A nova lei avoga pola innovación mediante novas fórmulas organizativas, que permitirán ás cooperativas, novas ou xa existentes, adaptar a súa estrutura ás súas necesidades reais.

En concreto, créase unha nova clase de cooperativa, a cooperativa mixta de traballo asociado. Trátase dunha sociedade singular e excepcional, que se caracteriza por incorporar a socios de capital que permitan financiar o proxecto empresarial.

Esta nova fórmula está dirixida principalmente a impulsar o cooperativismo no sector industrial, onde se precisan importantes investimentos para a posta en marcha dos proxectos. Deste xeito, fóméntase o acceso dos traballadores á propiedade de empresa. Os socios de capital participarán na cooperativa en función da súa achega ao capital social.

En definitiva, o obxectivo desta nova fórmula é o de contribuír á captación de capital de posibles terceiros socios, pero tamén preservar o acceso efectivo do persoal asalariado da cooperativa á propiedade dos medios de produción.

Compromiso social e conciliación

Un dos puntos mais importantes da reforma é o relacionado co reforzamento das características diferenciadoras do cooperativismo, e que lle confiren o seu carácter de fórmula que contribúe á cohesión social e de vinculación ás persoas: o compromiso social e a igualdade e a conciliación da vida laboral e familiar.

Con respecto ao compromiso social, a lei amplía as finalidades do Fondo de Formación e Promoción, que a partir de agora poderá destinarse a actuacións para a conciliación da vida laboral e familiar, así como para o fomento da igualdade, fomento da responsabilidade social, apoio a proxectos de emprendedores cooperativos xeradores de emprego, particularmente no eido dos servizos sociais, e ao financiamento de proxectos cooperativos.

No que respecta á igualdade e conciliación da vida laboral e familiar, incorpóranse disposicións dirixidas a reforzar e garantir o principio de igualdade entre homes e mulleres. Entre outras cousas, incídese na necesidade de facer posible a conciliación, na adopción de medidas que favorezan ás socias vítimas de violencia de xénero, e na procura dunha presenza equilibrada de mulleres e homes na composición dos órganos sociais das cooperativas e nos órganos do Consello Galego de Cooperativas.

Outro dos cambios principais que introduce a nova lei en relación á mellora da xestión empresarial ten que ver coa regulación dos apoderamentos xerais ou singulares. Neste sentido, calquera persoa física coas facultades de representación, xestión ou dirección poderá ser obxecto deste apoderamento legal, para facilitar a xestión ordinaria con maior profesionalidade, competitividade e axilidade.

Actualmente, a lei de cooperativas unicamente permite a delegación de facultades de xestión

e dirección a favor de conselleiros delegados –membros do consello reitor nomeados expresamente por maioría de 2/3 dos seus membros-. Coa modificación, permítese que esta delegación de facultades de xestión e dirección poda realizarse a favor de calquera persoa física, o que facilita a organización e funcionamento da cooperativa.

Ademais, para mellorar a organización e o funcionamento das cooperativas, a modificación actúa en tres liñas básicas. Por unha banda, posibilita a válida constitución das asembleas xerais en segunda convocatoria e a plena validez dos acordos adoptados, con independencia dos socios asistentes. Por outra banda, para as cooperativas agrarias, modifícase a maioría necesaria para a aprobación do voto ponderado –consiste na atribución de máis de un voto aos socios que teñan máis volume de actividade cooperativizada-, o que na práctica facilitará a súa aplicabilidade real.

Ademais, tamén se simplifica a estrutura societaria, ao dar carácter voluntario ao órgano de Intervención, un órgano de fiscalización que ten como función principal a censura das contas anuais. Deste xeito, evítanse os problemas derivados de que persoas que poden non ter a formación técnica precisa asuman a responsabilidade de analizar documentos contables coa profundidade que esixe a censura de contas.

De cara ao obxectivo de alcanzar unha maior flexibilidade para a mellora da competitividade, hai outras dúas modificacións fundamentais. A primeira, a de posibilitar que as cooperativas agrarias desenvolvan actividades cooperativizadas con terceiros socios, ata un límite máximo do 50% das realizadas cos socios, pero tomando como referencia a facturación global da sociedade, e non as actividades.

E, a segunda, modifícase e mellórase o límite de contratación de persoal asalariado no caso das cooperativas de ensino e de traballo asociado. Deste xeito, estas sociedades estarán menos limitadas á hora de atender as necesidades puntuais de incremento de persoal.

Así mesmo, esta nova norma vai dar resposta ás modificacións legais necesarias para a adaptación do réxime económico tanto ás novas normativas como á realidade socioeconómica actual. Neste punto destaca á redución do 30% actual ao 25% da dotación de excedentes a fondos obrigatorios.



Xuventude e voluntariado

Máis de 10.000 voluntarios participaron nas actividades que puxo en marcha a Xunta con motivo do Ano Europeo do Voluntariado

- As actividades postas en marcha este ano abarcaron temáticas diferentes como educación ambiental, protección do patrimonio cultural ou fomento do voluntariado entre os estudantes de primaria e secundaria
- O terceiro Plan Galego de Acción Voluntaria, que rematará no 2014, consta de 89 medidas repartidas en 3 áreas de intervención: a sensibilización, o apoio e a coordinación

Santiago, 5 de decembro de 2011.- Máis de 10.000 voluntarios e voluntarias participaron ata o momento nas actividades organizadas pola Consellería de Traballo e Benestar con motivo do Ano Europeo do Voluntariado, que se está a celebrar no 2011. Estas actividades abarcan temáticas diferentes como educación ambiental, protección do patrimonio cultural ou fomento do voluntariado entre os estudantes de Primaria e Secundaria.

En concreto, destes 10.000 voluntarios: máis de 5.000 participaron no tráiler da solidariedade que percorreu varias cidades de Galicia este verán co obxectivo de amosar as actividades que se levan a cabo neste eido; ao redor de 1.600 tomaron parte no programa Pasaporte Solidario, dirixido a mozos e mozas interesados en realizar accións voluntarias; e máis dun millar no Congreso Estatal de Voluntariado, que tivo lugar a semana pasada na Coruña.

Celébrase o Día Internacional do Voluntariado, unha materia na que a cidadanía galega está concienciada, tal e como reflicten os datos de participación nos actos programados polo Goberno galego neste eido. De feito, Galicia conta con 40.000 voluntarios e con 800 entidades incluídas no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria e estímase que o 17% da poboación ten participado nalguna acción

voluntaria no último ano e o 31% da cidadanía fíxoo nalguna ocasión.

Lei galega de acción voluntaria

Pola súa banda, a Administración desenvolveu este ano numerosas iniciativas en favor do voluntariado, entre as que destaca a posta en marcha da Lei galega de acción voluntaria, unha norma que actualiza a anterior, que tiña 11 anos, e adapta os seus obxectivos ás últimas directrices europeas. Ademais, garante por primeira vez, ás persoas voluntarias, a certificación oficial do seu labor e experiencia; crea o Observatorio Galego de Voluntariado e o Consello Galego de Acción Voluntaria que dará máis participación ás entidades que terán maior presenza que as administracións.

Así mesmo, a lei integra como sector novo de actuación o fomento de novas tecnoloxías e incorpóranse novas accións de promoción do voluntariado. En concreto, preténdese lograr unha maior continuidade temporal do compromiso das persoas voluntarias, así como promover o voluntariado nos centros educativos e fomentar a acción voluntaria corporativa que desenvolven as empresas no seu contorno económico e social.

Cabe salientar, que a nova lei é froito dun proceso de “debate e participación pública”, que se



<http://www.voluntariado2011.es/ano-europeo-espana/>

iniciou cun documento previo que foi obxecto de exame e discusión en diferentes foros de expertos, e contrastado coas entidades en encontros a nivel provincial.

Plan Galego de Acción Voluntaria

A probación da lei constitúe un dos eixos básicos para o desenvolvemento do terceiro Plan Galego de Acción Voluntaria, que rematará no 2014. Un Plan concibido como unha ferramenta e estratexia participativa elaborada con máis de 800 entidades sociais do terceiro sector de ámbitos como a discapacidade, as ONG, as universidades ou os concellos.

O plan consta de 89 medidas repartidas en 3 áreas de intervención: a sensibilización, o apoio e a coordinación. Con elas actuarase en 7 ámbitos para a promoción do voluntariado: difusión, reflexión e estudo, promoción, formación, xestión, coordinación e cooperación. Mato sostivo que un dos puntos fortes desta aposta é a formación. De feito, ao longo de 2011 desenvolveronse 28 accións nesta materia (xestión de entidades, accións de voluntariado ambiental e no eido

social...) nas que participaron máis de 6.500 persoas.

Outra das iniciativas que se debe destacar este ano é a posta en marcha do Servizo de Voluntariado Xuvenil, unha iniciativa experimental a nivel de todo o Estado. Baséase na posta en marcha en paralelo dunha bolsa de persoas voluntarias e unha de proxectos de voluntariado co obxectivo de poñer en contacto as dúas bandas. Neste primeiro ano de funcionamento, apoiáronse medio cento de proxectos.

Como remate a todas estas iniciativas, tivo lugar na Coruña o XIV Congreso Estatal do Voluntariado, que foi clausurado polas súas Altezas Reais os Príncipes de Asturias, e no que participaron mais dun millar de persoas para analizar a realidade das políticas e proxectos que se desenvolven nesta materia tanto a nivel nacional como internacional.

Este congreso foi un dos máis numerosos que se teñen organizado, e que de feito superou nun 50 por cento aproximadamente a participación respecto ao do ano pasado.



CADRO DE CONTÍAS DE PENSÍONS MÍNIMAS 2012

	Euros/mes			Euros/ano		
	Con cónxuxe a cargo	Sen cónxuxe: Unidade ec.unipersoal	Con cónxuxe non a cargo	Con cónxuxe a cargo	Sen cónxuxe: Unidade ec.unipersoal	Con cónxuxe non a cargo
XUBILACIÓN						
Titular con 65 ou máis anos	763,60	618,90	587,00	10.690,40	8.664,60	8.218,00
Titular menor de 65	715,60	578,90	547,00	10.018,40	8.104,60	7.658,00
INCAPACIDADE PERMANENTE						
Gran invalidez	1.145,40	928,40	880,50	16.035,60	12.997,60	12.327,00
Absoluta	763,60	618,90	587,00	10.690,40	8.664,60	8.218,00
Total: Titular con 65 anos	763,60	618,90	587,00	10.690,40	8.664,60	8.218,00
Total: Con idade entre 60 e 64 anos	715,60	575,90	547,00	10.018,40	8.062,60	7.658,00
Total: Derivada de enfermidade común menor de 60 anos	384,90	384,90	352,72	5.388,60	5.388,60	4.938,08
Parcial do réxime de accidente de traballo: Titular con 65 anos	763,60	618,90	587,00	10.690,40	8.664,60	8.218,00
VIUVEZ						
Titular con cargas familiares	715,60			10.018,40		
Titular con 65 ou máis anos ou discapacidade >65%	618,90			8.664,60		
Titular entre 60 e 64 anos	578,90			8.104,60		
Titular menor de 60 anos	468,50			6.559,00		
ORFANDADE						
Por beneficiario	189,00			2.646,00		
Por beneficiario discapacitado menor de 18 anos cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65%	371,90			5.206,60		
<i>Na orfandade absoluta o mínimo incrementarase en 6.559,00 euros/ano distribuídos, no seu caso, entre os beneficiarios</i>						
FAVOR FAMILIAR						
Por beneficiario	189,00			2.646,00		
Se non existe viúvo nin orfo pensionistas:				0,00		
Un só beneficiario con 65 anos	456,90			6.396,60		
Un só beneficiario menor 65 anos	430,30			6.024,20		
<i>Varios beneficiarios: O mínimo asignado a cada un deles incrementarase no importe que resulte de ratar 3.913,00 euros/ano entre o número de beneficiarios</i>						
PENSIÓN S.O.V.I.						
	395,70			5.539,80		
PENSIÓN MÁXIMA						
	2.522,89			35.320,46		

DOG

- Resolución do 29 de novembro de 2011 pola que se publica o Plan de Formación Continua do persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012. (DOG nº 231, do 2.12.2011).
- Resolución do 1 de decembro de 2011 pola que se convocan as probas de avaliación de carácter libre das actividades formativas que compoñen o Plan formativo ofimático de Galicia para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 232, do 5.12.2011).
- Orde do 28 de novembro de 2011 pola que se ratifica o acordo de extinción da Fundación Galega para a Prevención de Riscos Laborais e se dispón a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. (DOG nº 234, do 9.12.2011).
- Decreto 224/2011, do 24 de novembro, polo que se modifica a denominación da Escola Universitaria de Relacións Laborais da Universidade de Santiago de Compostela. (DOG nº 235, do 12.12.2011).
- Anuncio do 17 de novembro de 2011 polo que se fai pública a resolución sobre o prazo de preinscrición e matrícula de usuarios/as das escolas infantís de nova apertura para o curso 2011-2012. (DOG nº 235, do 12.12.2011).
- Resolución do 23 de novembro de 2011 pola que se publica o plan de estudos de máster universitario en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Ambiental. (DOG nº 237, do 14.12.2011).
- Resolución do 12 de decembro de 2011 pola que se convocan cursos de formación continua para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 239, do 16.12.2011).
- Resolución do 9 de decembro de 2011 pola que se publica a oferta de emprego público (OPE) do persoal de administración e servizos para o ano 2011. (DOG nº 240, do 19.12.2011).
- Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria. (DOG nº 242, do 21.12.2011).
- Orde do 16 de decembro de 2011 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 17 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011. (DOG nº 242, do 21.12.2011).
- Orde do 16 de decembro de 2011 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 17 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011. (DOG nº 242, do 21.12.2011).
- Resolución do 12 de decembro de 2011 pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 3 de marzo de 2011, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2011. (DOG nº 244, do 23.12.2011).
- Resolución do 21 de novembro de 2011, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento. (DOG nº 245, do 26.12.2011).
- Orde do 15 de decembro de 2011 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta consellería. (DOG nº 246, do 27.12.2011).
- Corrección de erros. Resolución do 27 de outubro de 2011, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se lles dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2012, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 246, do 27.12.2011).
- Resolución do 22 de novembro de 2011, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 10 de marzo de 2010, pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2010, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro e se procede á convocatoria para o ano 2010 (Diario Oficial de Galicia número 54, do 22 de marzo de 2010). Programas de cooperación con administracións distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro: subvencións para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio. (DOG nº 248, do 29.12.2011).
